

A longa espera da contraofensiva ucraína

Description

As prospectivas ucraínas eran que a contraofensiva se produciría na primavera, cando non teñamos barro, é dicir, cando o terreo estea o suficientemente firme como para que os vehículos blindados poidan atravesalo sen obstáculos. Ademais das condicións climáticas, requiríase un arsenal suficiente de armas ofensivas: sistemas de fogo de longo alcance, tanques e avións axeitados para accións de asalto.

Trátase de recursos que poden ser proporcionados polos socios euroatlánticos e foron solicitados hai un ano, cando se fixo necesario consolidar o éxito obtido por mor do repregamento das tropas rusas das rexións do norte de Ucraína. Occidente non foi unánime sobre a conveniencia de armar fortemente a Ucraína e fíxoo finalmente con atrasos, reservas e de maneira incompleta. Primeiro foi a artillaría de longo alcance, que permitiu notables éxitos no leste no verán e outono, logo tratouse dos carros de combate, que empezaron a chegar nesta primavera e, por último, os avións, ata o de agora só modelos soviéticos, sen que se tomase aínda unha decisión sobre os avións de combate occidentais realmente necesarios.

A cautela dos socios occidentais fronte a un agresor verdadeiramente desenfreado, convencido de que o seu terror afoga a vontade de todo aquel que se cruce no seu camiño, é comprensible, pero calquera atraso na acción militar fai o xogo ao agresor. Mesmo se o seu son unicamente bravatas e non ten capacidade para sementar o terror durante moito tempo, pode contar co “cansazo” nas filas dos partidarios dunha Ucraína que se defende, porque os custos da defensa son agora moito maiores que as perdas derivadas da retirada dos subministros enerxéticos rusos, a subida dos prezos provoca inevitablemente o descontento da poboación etc.

A declaración de reticencia de Moscova a prorrogar os acordos sobre os cereais no Mar Negro provocou que Kiev se encontre nunha situación difícil mesmo con Polonia, posiblemente o seu aliado máis incondicional.

A prolongación do conflito conduce a unha inevitable adaptación á vida en condicións de guerra, na cal, por exemplo, a xente ten que sobrevivir dalgunha maneira baixo a ocupación e tolerar as esixencias impostas pola administración inimiga. A adaptación tamén ten lugar en países que se atopan moi lonxe do conflito, o que pode supoñer ata un proveito en lugar de perdas, por exemplo, se se teñen en conta os beneficios que obtén India do comercio con Rusia ao non acceder ás sancións.

Foi esta mesma prolongación da guerra de Rusia contra Ucraína a que obrigou a China, que prefería ser *o mono da parábola* e que observa desde arriba a loita entre dous tigres, a tomar partido no seu segundo ano. Propuxo o seu plan de restablecemento da paz levando ás dúas partes á mesa de negociacións. Consultouno cos dous “co-agresores”, Lukasenka e Putin, pero seguiu ignorando a solicitude de conversar co presidente ucraíno.

Posteriormente, China enviou ao seu ministro de defensa a reunirse con Putin para conversar sobre o desenvolvemento da colaboración de mutuo beneficio no ámbito da defensa, o que foi un claro sinal de que non considera a Rusia nin como agresor nin como un país en guerra.

Ao final, o presidente Xi contactou con Zelénskii, aínda que non pola súa boa vontade de mediador pola paz, senón accedendo á solicitude do homólogo ucraíno, segundo precisou a comunicación oficial. No seu tuit o presidente Zelénskii destacou a importancia deste contacto, porque daría un novo impulso ás relacións ucraíno-chinesas. Ao día seguinte procedeu a corrixir o seu erro neste ámbito, designando ao embaixador en Beijing, cargo que estaba vacante desde a morte do anterior facía dous anos. Quedan dúbidas sobre a importancia que concede ás devanditas relacións, porque o novo embaixador é un xurista de dereito internacional pola súa formación universitaria e foi embaixador en Dinamarca fai trece anos, pero no último tempo desempeñouse como director do aeroporto internacional de Kíiv, ministro de industrias estratéxicas e xefe do servizo de aduanas do Estado. Noutras palabras, non ten moito coñecemento sobre o xigante chinés. Pola súa banda, Xi enviará para mediar entre Moscova e Kíiv ao antigo embaixador de China en Moscova, un personaxe con moito coñecemento e comprensión para Rusia e non tanta para Ucraína.

De momento non hai perspectivas de negociación, xa que Rusia non cesa na súa intención de, polo menos, afianzarse nos territorios que declarou seus. En Bajmut, que quedou reducida a un campo de ruínas, líbranse encarnizados combates desde hai moitos meses, pero os rusos non puideron capturala. Ademais de que non queren admitir que, a pesar da extraordinaria concentración das súas forzas de asalto, son incapaces de facerse co control desta zona, esta cidade é importante para expandir a súa ocupación ao resto da provincia de Donetsk. A comandancia rusa está convencida que coas súas accións neste sector é capaz de distraer as forzas ucraínas, que están a planear a súa contraofensiva nalgún outro lugar. Ademais, necesitan presentar algo como vitoria para a súa data sacra, o 9 de maio, para pasar por herdeiros da vitoria sobre os nazis en 1945.

Presentindo que este ano a imaxe do Exercito de Rusia como un exército vitorioso veríase bastante dubidoso, as autoridades rusas cancelaron en moitos lugares os desfiles do Día da Vitoria. En Ucraína, a homenaxe oficial á vitoria sobre o nazismo e a conmemoración das vítimas de guerra farase o 8 de maio, xunto co resto de Europa. O 9 de maio celebrarase o Día de Europa, que contará coa presenza da presidente da Comisión Europea Von der Leyen. É moi significativo que Ucraína, nas actuais condicións de guerra, celebre xunto con outros pobos de Europa o día que marca o aniversario da chamada Declaración do ministro francés de Asuntos Exteriores, Robert Schuman, publicada en 1950, cinco anos despois de terminada a II Guerra Mundial, xusto coa intención de facer impensable unha nova guerra entre as nacións de Europa.

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Europa

ETIQUETAS

Rusia Guerra Ucraína

IDIOMA

Galego

INVESTIGACION

Relacións Internacionais

Date Created
Maio 9, 2023
Meta Fields
Autoria : 12106